

Itxaro Borda. POEMAS ESCOLLIDOS



Traducción: Isaac Xubin



Nós

Somos un accidente na vida de alguén,
Un enorme desacerto inevitable,
A poza de lama despois da bategada
Ou a aguda pedriña do carreiro.

Ao non teren risos, ollos ou berros
Sen nós o mundo podería ser o mesmo:
Camiñamos en balde coas mans atadas,
A feitura da crenza, o cansanzo da fe...

Apañamos os refugallos dos demais,
E os anos tornan nunha cinsa
Que apagan a chama esta da ledicia,

E dende o derradeiro laio do noso peito,
Erguido na borralla, o noso peso esgrevio
Axiña nos filla a memoria do futuro.

1982

MILIA LASTUR REVISITED

cos berros dos mortos cinguidos á túa boca,
como poderás atopar o teu auxilio?
eu amareite, non marches Milia,
fica comigo e bebamos o viño vermello...

roubaremos as mazás das leiras farturentas,
gardarémolas nos currunchos dos traxectos.
esquece, por favor, as matanzas vellas
e as cantigas de lume no po dos camiños.

deitarémonos logo as dúas
a ollar a danza nocturna das sete sombras
no leito de amor da herba húmida

u-la pedra? U-la fría terra?
para poñer o pranto en dúbida,
non temas, amareite sempre Milia.

1986

MERGUEZ BLUES

rodeados do recendo a Merguez eramos máis de mil
baixo a chuvia
e eu entre todos, meu amor, desesperada na procura túa
onde estabas
quizais tras o húmido pano vermello
da revolución devecida?

nós amantes feis da común miseria
imaxinabamos a cidade en chamas
famentas de amor, en estado de sitio, con pedras nas mans
as barricadas
e eu entre todos, miña amiga, desesperada na procura túa
baixo a chuvia

a ilusión de entrar na resistencia
o desexo de xustiza
cando volveremos á aldea?
cos ósos feitos rachas só unha palabra tiñamos
na boca: loita
e eu entre todos, meu amor, desesperada na procura túa
baixo a chuvia

fermosos maios das nosas rúas

1988



*chove, é o deserto, o lume apagado
que fazer desde maos, cumplices do sol*

E. de Andrade

Aínda vou á praza Du Bellay os domingos
non sei na procura de que ou quen, pero
vou, entre a xente apresurada que me
golpea sen vergoña; queredría embebedarme
nas augas da fonte da fría saudade
para limpar da cachola os maos soños da noite
antes de que a seque o alento temperado do día

encho os escondedoiros dos amortuxados xeos
coa crueldade da canción so far away from me
para que a fin do mundo nunca pense
que a ledicia é doada abondo, tan raro atopar
nas rúas abertas as pegadas cansas
do amor secuestrado saloucando en silencio
perante a morte, nos bordos das bágoas

achégase a ausencia coas ás abertas
para remexer na carne podre, por culpa
de xuño, á hora en que espertan
os nenos durmidos, esluímonos todos na bátega
o ruído afiado do metal destrúe
as memorias mortas, para losquear
mañá os desexos de aceiro, porén

nos serven corazóns de álamos brancos
nos restaurantes escuros, rodeados de psicólogos
que controlan as almas, prohibénnos pensar
nos ríos que pasan ao carón das casas; sexa como for
transfórmannos en produtores da riqueza económica
e perdemos dez puntos imaxinando
andoriñas a louvar o ceo.

cando só nos queda unha listaxe de humillacións
para esquecer as miradas máis duras.
dános gana de chorar ao velas chegar
polos camiños de ferro dos trens, na sede de maternidade
do seu balbordo, preguntando ás flores dos currunchos
poder fartar a pantasma co sangue.húmido
que pasa pola peneira da esperanza

se cadra saben por que non crecen vermellas
as rosas na terra negra da amnesia,
por que o sol non toma un descanso
os mércores na plumaxe do rousinol,
por que a carraxe que temos nos labios
non se transforma en fermoso poema ende mal
por que camiñamos polo reino do baleiro

cando as estrelas arrandean baixo a ponte
da vergoña, adiviño as mans miñas ateigadas
de mans, porén as miradas foxen ao serán
obrigadas a fartar a fame dos voitres
e non te podo atopar namentres estás
pendurada nas fronteiras da lembranza,
coma bolboretas multicolor, xa daquela lonxano paxaro

e se me afoutase a alonxarme da praza Du Bellay
medraría o degoxo de me transformar
en fino po, e que o vento me levase
nas ás da alborada cara ao deserto nu
onde a pregaría é pregaría, compadécete de nós
para eu poder escoitar o campo alegre
que tolea coas herbas recedentes co canto do cuco

1991

TAREFA PENOSA

Escribir é unha tarefa penosa,
capturar mediante as palabras
os intres barulleiros
da vida mineral que marcha desangrándose,
debullar as xigantes canseiras
ou lembrar
a cabina telefónica da esquina da rúa
 é unha tarefa penosa.
 por desgraza a linguaxe, decote gramática erma,
é a nosa dor, de amor o noso dubidoso folgo,
da liberdade o aguzado coitelo,
e sabemos
que sempre
que pousamos desleixadamente
a palabra no papel
no canto de cambiar o mundo
somos nós
os convertidos
sen rumbo fixo
até transmutar
nun buraco negro.
 desgraciadamente
 deséxote adobiada de degoiro
 penosa tarefa.

1998

Na véspera da mañá aquela que nevou
busquei os teus beizos
na noite e malia a friaxe esgrevia
durmín sen atopalos
morte
na véspera da mañá aquela que nevou
non me decataba
morte
que o futuro había rachar mañá mesmo
nos espellos da saudade
na véspera da mañá aquela que nevou
coma paxaros famentos nos beirís das fiestras

1991

Cando te sintas a máis desgraciada
do mundo
no autobús
 direiche que os desexos que esgazan
 o ventre
 son crueis
direiche que a necesidade da liberdade
 agarda a cada quen
 no cumio das montañas máis humildes
direiche despois
 –a túa man na miña–
que un día chegará a luz da alborada
 que acougará
 as mañás,
 a bátega de chuvia con recendo a neve
que un día poderá chegar
 con paso lixeiro
 a lapa do amor.
cando te sintas a máis desgraciada
do mundo
 no autobús.

1991

Estás sempre agardando
nas ás brancas do inverno
no intre largo do sono
no soño quente do vento

desexando o fondo do ceo
recollendo as flores en risa
do berce este ao carón
tamén se achega a andoriña

na teima das lúas douradas
co aire rosa nas veas
que o sono te leve deitado
enriba das nubes de mel

o sono transporta o meniño
ás portas das néboas belidas
que tamén volverá a nai
un bo día de chuvia

1991

LA PORTA OBERTA EN EL CEL, I AIXO

I

sempre que nos presentan este país
amósannos
os interiores ateigados das igrexas,
no intre en que abaixo
cantan mulleres
“que quitas o pecado do mundo”
e os homes nas galerías
“señor, ten piedade”.
cada vez quepregan “dáanos a paz”
morre un riso
nos labios das xentes deste pobo.

II

requiem di o vento
non me gustan as terras
que non ofrecen
renartes chaparradas de verán.
aloumiño os álamos brancos
que darán feitío
a miña desapiadada morada derradeira
requiem di o vento

III

a rosa vermella
é máis fráxil
de noite ca de día

o medo da chuvia
é máis húmido
de noite ca de día

o arreguizo da carne
é máis preciso
de noite ca de día

o folgo da carraxe
é máis anoxadizo
de noite ca de día

IV

segundo as estatísticas oficiais
no interior do país vasco
hai tantos seres vivos coma ovellas
 por isto
 o queixo
 é ouro branco.

e a min non che me gusta o queixo.

segundo as estatísticas clandestinas
no País Vasco
hai tantas ovellas coma policías
 por isto
 a paz
 está asegurada.

e a min non che me gusta a paz.

V

nas bocas inmensamente ledas dos que me rodean
podo medir
o deserto magoado
da miña propia soidade

unha enorme no woman's land

VI

ao outro lado da fronteira está
a marca do feble pretexto de vivir
ao outro lado da fronteira está
o camiño das fortes razóns para o desespero
ao outro lado da fronteira está
a lembranza do beixo que che ripei

ao outro lado da fronteira está
todo
e non está nada

VII

todas as noites
teño un soño
coa mesma cidade.
todas as noites
acougo
os laios zoupóns
pegada
á túa sombra.
todas as noites
nas gorxas do metro
repítoche
que te quero
coma unha vella cantarea.

e ti
todas as noites
lévasme a ver
os paxaros exóticos
que están á venda nas gaiolas
e disme:
 mira
 en que
 non temos que nos converter.

1986